



Escritores que tienes que leer

Torrente Ballester, retratista de la Galicia del siglo XX

página 5

¿Tienes un problema?

Diez pasos infalibles para que estudiar sea eficaz y eficiente

página 7

Soa o timbre

José Manuel Leis: «A FP está nun momento doce, mellor que cando era mestría»

página 8



As integrantes do grupo Tanxugueiras, Aida Tarrío (esquerda), Olaia Maneiro (centro) e Sabela Maneiro (dereita), actuando no festival. EFE

TANXUGUEIRAS

Música sen fronteiras

O trío de pandeireteiras arrasa coa canción «Terra», un himno a todas as mulleres que mantiveron vivos os nosos sons tradicionais

C. PORTEIRO

Cunha pandeireta na man, Aida, Olaia e Sabela fixeron vibrar a España enteira e boa parte de Europa no Benidorm Fest, o concurso musical no que se elixiu o representante do país para ir a Eurovisión —certame de cancións onde participan unha morea de Estados europeos—. Non irán elas, pero Tanxugueiras xa fixeron historia. Por primeira vez, dende hai 60 anos, levaron un tema en galego a competir. A canción *Terra* converteuse xa nun auténtico himno, incluso máis alá de Galicia, porque como di a letra, «non hai fronteiras» para a boa música.

Por que teñen tanto éxito Tanxugueiras?

Pola orixinalidade da proposta. A canción, e outras do grupo, mesturan ritmos fortes e modernos con sons tradicionais das foliadas galegas, incluídas as pandeiretas e os aturuxos. O resultado é unha composición máxica, que hipnotiza e que arrasa entre o pú-

blico de Galicia e de fóra, onde esta música tamén evoca meigas, conxuros e sons ancestrais.

Que di a canción «Terra»?

Ten varias mensaxes. A primeira é a lembranza de todas esas mulleres pandeireteiras («as nosas nais») que as precederon e que conseguiron manter viva a música tradicional galega ata os nosos tempos. Tanxugueiras son as súas herdeiras que queren que lles «escoiten berrar». A can-

ACTIVIDADE 1 FESTIVAL DE ALALÁS

Tanxugueiras reivindicaron a lingua galega converténdoa nun fenómeno de moda en toda Europa. O mellor de todo é que o fixeron desde a tradición, partindo dun tipo de canto ao que chamamos alalá. Coñecíalo? Fala coas persoas da túa familia

ción tamén reivindica a diversidade lingüística, é unha mostra de como a música non entende de fronteiras.

Por que ese vestiario?

Visten de negro evocando a roupa de festa tradicional de Galicia. Tamén levan colgando do pescozo unha xoia de Galicia moi senlleira, como é o sapo. E, como explicou o divulgador de arte El Barroquista, tanto elas como os bailaríns levan pan de ou-

ro da túa contorna e recolle algunha cantiga tradicional. Podes escribilo ou mesmo gravalo para facer un festival de alalás cos teus compañeiros de clase.

As actividades desta unidade están deseñadas polo profesor de L. Galega Alberto Pombo.

ro polo corpo para lembrar que Galicia foi berce do ouro hai séculos. De feito, pénsase que a orixe do topónimo —nome dun lugar— Ourense vén de Auriense ('cidade de ouro'), como a chamaban os romanos pola abundancia deste metal.

Por que sendo favoritas non gañaron?

O sistema de voto outorga a metade do poder de decisión ao xurado —composto por cinco expertos—. A outra metade está repartida entre o voto democrático —un grupo de 350 persoas que representan a poboación española— e o público (os telespectadores). Máis da metade dese público apoiou ás Tanxugueiras. Tamén o voto democrático, pero o xurado deu unha puntuación tan baixa ás galegas que non puideron vencer. De aí a polémica destes días. Non pasa nada. Como din elas, estas «bravas gorxas de fondo cantar veñen pra quedar».

DIVERSIDADE

O asturiano, o vasco, o catalán e o castelán tamén están presentes

Escoitaches a canción? «Nun hai fronteiras [...], ez dago mugarik [...], no hi ha fronteiras [...], no hay fronteras». Todas as frases teñen o mesmo significado: non hai fronteiras. O grupo quixo desta maneira reivindicar a diversidade lingüística e a multiculturalidade de España. O galego, o asturiano, o vasco e o catalán forman parte do rico patrimonio do país, xunto co castelán. Igual que a lingua xe de signos (para xente xorda) que incluíron na actuación. Como din elas: «Non hai ningunha lingua que insulte».

Sabías que España nunca levou a Eurovisión unha canción nun idioma cooficial (os que conviven nalgúns territorios co castelán)? Ao contrario, si levou temas en inglés. Este mesmo ano, a canción gañadora mestura palabras de ambos idiomas. Paréceche boa idea?

Outra das polémicas do certame xurdiu despois de que os presentadores compararan o galego cunha lingua inventada que empregou a galego-belga Verónica Codesal na canción *Sanomi*, coa que estivo a piques de gañar Eurovisión no 2003. O Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional tivo que aclarar en inglés que o galego non é unha lingua inventada: «Levamos aquí dende hai séculos».

AUTENTICIDADE

«Terra» amosa que o tradicional non está rifado coa modernidade

Terra toma a forma do alalá tradicional galego, unha melodía con séculos de historia que adoita ter acompañamento de gaitas e pandeiretas. Nesta ocasión, Tanxugueiras fusionan ese canto con ritmos electrónicos. Tiñan feito o mesmo con cancións moi populares, como *Figa*, na que reivindicaban a forza das mulleres libres fronte á «caza de bruxas» (críticas) que persisten na sociedade.

IDENTIDADE

Galicia, de foliada

Moita xente saíu á rúa para apoiar ás Tanxugueiras, que fixeron soñar a todos con levar a nosa cultura ao corazón de Europa

«Esta noite hai foliada», di a canción. E abofé que houbo! En moitas vilas e cidades de Galicia a xente saíu á rúa coa pandeireta na man para apoiar a Tanxugueiras e amosar a ledicia do éxito acadado polas nosas representantes. Nalgúns colexios interpretaron e analizaron o tema *Terra*. Tamén houbo outras iniciativas para alentadas, como a dun bar coruñés que invitou a cañas por cada voto enviado ou a dunha operadora de móbiles que ofreceu mensaxes e chamadas gratis aos seus clientes se votaban a Tanxugueiras.

Elas tres conseguiron espertar e espallar o sentimento de galegidade como hai tempo non se vía. E fixérono rachando co tóxico da queixume galega. A letra desprende forza, orgullo e respecto por esas mulleres que hai tempo, sen poder estudar, e mesmo sen saber ler, levaron as rendas dos fogares e transmitiron un legado que aínda hoxe conservamos e enriquecemos.

Foi tal o éxito que a canción xa se converteu nun fenómeno social. A identidade e a cultura galega non entenden de ideoloxías. Representantes políticos de distintos partidos e tamén de distintas comunidades autónomas amosaron o seu apoio ao grupo que, como di a súa canción, xa traspasou fronteiras. Deixaron unha pegada imborrable, deixan-



Foliada convocada en Ribeira para apoiar a Tanxugueiras na final do festival. Foto: Marcos Creio

do abraiado ao propio Salvador Sobral, quen gañou Eurovisión no 2017 co tema portugués *Amar pelos dois*.

O mérito é xigantesco porque tamén conseguiron espertar o interese de xente moi nova de fóra de Galicia pola música, a lingua e a cultura galegas, traspasando de novo as fronteiras. Dende quen non sabía que en España convivían varias linguas ata quen, interesados pola letra, investigaron que significaban palabras como *foliada*, *aturuxo* ou *serán*.

Terra demostra que non hai lingua pequena nin música que non se entenda. É universal. Por iso chega a xente de todas partes. Pero o verdadeiro éxito foi atraer aos galegos máis novos a un idioma que «esmorece, sobre todo, por un problema de autoodio», como di o escritor Antón Cortizas. Este pode ser o punto e aparte para reverter esa falta de transmisión do galego entre os máis cativos polos complexos doutras xeracións. Nunca faltou creatividade, senón autoestima.

ACTIVIDADE 2 NA BUSCA DA INSPIRACIÓN

A literatura de tradición oral que Tanxugueiras pon en valor estúdase baixo a etiqueta de marxinal, como os graffiti. O galego Rubén Ruibal gañou o Premio Nacional (2006) cunha obra inspirada nun graffiti coruñés. Localiza algunha pintada e inspírate para a túa propia historia!

Unha lingua popular: dende o rock bravú ao fenómeno Xabarán

A lingua sobrevive cando hai un pobo detrás que a estima e a coída. E, no caso do galego, non sempre foi así. Durante moito tempo existiron moitos prexuízos arredor da nosa lingua. Aínda hai xente que pensa que o galego é para andar por casa e que non serve para nada. Escóitaches algunha vez a xente coñecida falar así da nosa lingua? Estás de acordo?

Precisamente para desterrar eses prexuízos históricos e reivindicar o galego das vilas e aldeas naceron movementos como o rock bravú. Grupos como Herdeiros da Crus, os Diplomáticos de Monte Alto ou Ruxe Ruxe popularizaron unha música máis salvaxe, rebuldeira e desacomplexada, nas antípodas do normativismo das cidades galegas. Porque o orgullo pola lingua e a cultura non pode preservarse só nos despachos, senón que ten que chegar a toda a sociedade, espallarse polos barrios, os colexios e os negocios.

O programa da TVG *Xabarán Club* foi todo un fenómeno social, o máis popular en Galicia entre a xente nova nos anos noventa, cando chegou a ter máis de 100.000 afiliados. O programa, no que alternaban debuxos animados e cancións, chegou a ter tanto éxito que fixeron xiras e marcou para sempre a varias xeracións que aínda hoxe cantan en galego as cancións das súas series favoritas. Cal é a túa? Que música en galego coñeces?

ENTENDER

A música galega é froito da mestizaxe

■ Semella que para moita xente de fóra de Galicia non existía música galega antes de Tanxugueiras. Non é así. Temos artistas que triunfaron con estilos ben diferentes. Dende o folk de Luar na Lubre ata as gaitas de Cristina Pato, Susana Seivane e Carlos Núñez, o pop de Los Piratas e o rock de Los Suaves e Siniestro Total.

■ A boa nova é que a música galega vive un bum con grupos contemporáneos que fusionan os ritmos tradicionais cos máis modernos, como é o caso de Baiuca, a proposta musical de Alejandro Guillán, que mestura as muiñeiras coa electrónica, en lugar do folk ou a música celta.

■ A mestizaxe é común na música galega. Temos sons de raíces celtas, pero tamén voces e percusións que moitos expertos asocian con música do norte de África. Por non falar da fusión que fan moitos artistas con música brasileira, portuguesa e mesmo o flamenco.

PROFUNDAR

O galego non ten fronteiras, está presente en moitas partes do mundo, de Portugal a Brasil

■ Como berraron as Tanxugueiras, o galego é unha lingua espallada por moitas partes do mundo, non coñece fronteiras. Dende a zona do Bierzo (Castela e León) e partes de Estremadura a Portugal, Brasil, Cabo Verde, Mozambique ou Angola, o idioma —e as súas diferentes evolucións— está vivo.

■ Como é posible? Na Idade Media o galego-portugués era o idioma predominante no que hoxe é Galicia e Portugal. Utilizábano tamén nos reinos de Castela e León. De feito, o propio rei Afonso X o Sabio empregaba o galego como lingua culta.

■ Aínda que o galego esmoreceu durante séculos polo dominio do castelán que imponía a corte, a súa semente espallouse polo mundo por dúas vías. Unha delas foi a colonización portuguesa

en África e América, creando o que hoxe se coñece como o espazo da lusofonía (260 millóns de persoas de países que comparten unha mesma lingua: o portugués). A proximidade do galego fai que a nosa lingua sexa unha vantaxe competitiva á hora de facer negocios ou cooperar con eses

ACTIVIDADE 3 O GALEGO NON TEN FRONTEIRAS

Con pequenas diferenzas, o galego fábase de Angola a Brasil e China. Busca que é a galaico-lusofonía e localiza cantigas populares. Quedarás abraiado coa «Carolina» de Portugal, coa morna caboverdiana ou coas cantigas dos «tres lugares» de Estremadura.

países. Tanto é así que moitos espectadores pediron ao veciño Portugal que levara a Tanxugueiras a Eurovisión!

■ Outra vía foi a emigración. Cando os galegos fixeron as maletas na busca de traballo ou fuxindo da miseria ou da guerra crearon grandes comunidades en países como Arxentina, Uruguai e Brasil, onde hai moitos apelidos de orixe galega e onde a nosa cultura tamén se fusionou.

HEMEROTECA 

El día que Isabel II dejó de ser princesa heredera

Al morir su padre, hace 70 años, se convirtió «automáticamente» en reina de Gran Bretaña

CARLOS OCAMPO

Isabel Alejandra María Windsor se convirtió en Isabel II del Reino Unido el 6 de febrero de 1952, hará este domingo 70 años, lo que convierte su reinado en uno de los más largos de todos los tiempos en todo el mundo. Había nacido el 21 de abril de 1926, y no estaba situada en la línea sucesoria como para llegar a reinar. Sin embargo, cuando tenía 25 años la princesa Isabel comenzó a reinar al morir su padre, el rey Jorge VI.

En realidad ese era el gran titular de La Voz del 7 de febrero de 1952, jueves: «Ha fallecido el rey de Inglaterra». Y a él estaban dedicadas casi enteras las páginas primera, tercera y última de un diario que entonces publicaba ocho planas. Según un cable «urgentísimo» de Efe, «fue [sic] encontrado muerto en su lecho por su ayuda de cámara hacia las siete y media de la mañana (hora local) [...] en su mansión de campo de Sandringham». Tenía 56 años y reinaba desde hacía 15. Y debajo de una fotografía, decía La Voz: «Aun cuando se había repuesto de la grave intervención quirúrgica a que fue sometido, acusaba un débil estado de salud». Y es que «Jorge VI fue muy débil desde sus primeros años».

También explica La Voz cómo llegó a reinar: «El 14 de diciembre de 1895 nació en el palacio de Sandringham —en el que falleció— el que había de ser luego Jorge VI de Inglaterra, cuando aun vivía su bisabuela, la reina Victoria, y cuando se cumplía un año de la muerte del marido de ésta [sic], el príncipe Alberto. Se le pusieron los nombres de Alberto Federico Arturo Jorge. Era el segundo hijo del príncipe Jorge y la princesa María, que reinaron algún tiempo después. El primogénito sería más tarde monarca con el nombre de Eduardo VIII». Y, a continuación, da la clave: «Cuando Eduardo VIII abdicó, después de reinar durante 325 días, el príncipe Alberto se convirtió en Jorge VI el 12 de diciembre de 1936 y aceptó el nombramiento como un duro deber», pues era un hombre sencillo que disfrutaba de la vida familiar.

Otro aspecto de su biografía



JORGE V E ISABEL II
Primeras páginas de La Voz con la muerte del rey Jorge V (izquierda) y la coronación de Isabel II (abajo)

mayor conocido es el asunto principal de la película *El discurso del rey* (2010, dirigida por Tom Hooper), que ganó cinco Óscar. «Jorge VI tuvo en su juventud lo que se consideraba defectos físicos: era zurdo y tartamudo. De ambos llegó a curarse casi por completo gracias a un prodigioso esfuerzo, su voluntad y una reeducación sistemática», decía La Voz.

La princesa, de viaje oficial

El pie de otra fotografía de primera de ese día dice: «La princesa Isabel de Inglaterra, que con el fallecimiento de Jorge VI se convierte automáticamente en reina de la Gran Bretaña». Y en la tercera amplía la información: «Londres, 6. A las seis de la tarde, hora española, se reunió en el palacio de St. James, para proclamar la subida al trono de Isabel II, el Consejo Privado, que integra 200 personalidades». El primer ministro, Winston Churchill, y demás miembros de dicho consejo se encontraron con una dificultad: el hecho de que «el heredero del trono no estuviese en el país en el momento de fallecer el soberano».

PARA SABER MÁS

Los suscriptores pueden acceder a la Hemeroteca de La Voz desde lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/. Un consejo: para tener éxito en la búsqueda, utiliza los cuadros que permiten acotar las fechas.

Y es que la princesa Isabel había emprendido una semana antes, con su marido, Felipe de Grecia, duque de Edimburgo, un viaje de cinco meses que debía pasar por Ceilán, Australia y Nueva Zelanda. Hacía año y medio que Isabel sustituía a su padre en muchas de sus responsabilidades, debido a su enfermedad. Cuando recibió la noticia estaba en Kenia: «Salió [Isabel II] urgentemente para Londres desde Nairobi, donde se hallaba». Precisamente, la última aparición pública de Jorge VI fue para despedir a su hija cuando partió para este viaje «a varios países de la Commonwealth».

Isabel II, ya reina, llegó al día siguiente y el día 8 fue proclamada: «Londres, 7. — La nueva reina se dispone a recibir a sus ministros y asesores y mañana comparecerá ante el Consejo Privado en el palacio de San Jaime para prestar Juramento. A las once de la mañana se leerá la proclamación de Isabel II en palacio y en todas las ciudades y pueblos». Pero a causa del luto, aún debió esperar casi un año y medio a ser coronada. Fue el 2 de junio de 1953, martes: «Isabel II de Inglaterra fue coronada ayer solemnemente». En la misma plana podemos leer otra noticia histórica: «La conquista del Everest fue anunciada a Isabel II horas antes de su coronación».



As integrantes de Tanxugueiras pousando con fans ao chegaren a Santiago. Cres que é unha noticia cinco is? Foto: Sandra Alonso


GUÍA DO PROFESOR

Noticias con cinco is

As súas propiedades fanas útiles para a aula e son fáciles de atopar

JESÚS GARRIDO

As noticias con cinco is son as que reúnen cinco calidades que as fan máis adecuadas para traballar con elas. Son as que teñen importancia e interese, que son un bo punto de partida para emprender unha investigación, que teñen algo que favoreza a inventiva e que poden iniciar algo. É fácil atopalas.



- Comezando por arriba, as azuis, as que destacan pola súa importancia, as máis alá das nubes. As sempre pretendidas polas páxinas do xornal. Colócanse ben, van a zonas interiores, vístense con letras grandes, de títulos sonoros, e agradecen saír na foto.
- Seguen en méritos e colocación as noticias interesantes, as de cor verde, as preferidas, aínda que non sempre, de todos os lectores, as máis buscadas. Teñen en conta as preferencias vitais, as coincidencias cos gustos, profesións vitais que cada lector ten na súa vida.
- E agora veñen as vermellas, as purosangue, as que, aínda que na vida normal non coinciden cos supostos problemas de cada lector. Son noticias que nos levan a enfrontarnos ao lume vivo, aínda que desbasta un

pouco. Existen traspasar a pel externa e investigar que levan dentro.

■ Unha máis: as de cor púrpura. Non basta con que as noticias teñan esa tripla connotación de importantes, interesantes e investigables. É necesario facer algo novo e creativo: que a noticia que estudamos sirva para inventar algo inédito que mellore unha situación

ou se empregue con maior eficacia o que nos brinda esa noticia.

■ E, finalmente, que ese invento sirva para iniciar algo novo e permanente. O amarelo do debuxo lémbra-nos os momentos maduros da sega cálida de verán e engade aos catro is anteriores a idea de que teñamos a nosa propia iniciativa dunha noticia creando algo novo. E non servirmos soamente do que xa está inventado.

Termos

Dividímonos en cinco grupos e buscamos a definición de cada un destes termos: Importante, interesante, investigable, inventiva, iniciática. Seguramente a boa noticia agradeceranos o coñecemento claro destes novos apelidos cos que a adornamos. Bo traballo!

PARA SABER MÁIS

- A1** | Servirmos no noso traballo escolar das noticias que outros lograron e chámannos a atención porque son importantes, interesantes, investigables, inventivas e iniciáticas. Constitúe a base de unha aprendizaxe escolar ampla e forte.
- A2** | Buscar nas periódicos noticias que reúnan en bo grao estas cinco calidades e aplicalas, segundo os temas, ás diversas materias garanten unha aprendizaxe máis profunda e aplicable a distintas situacións vitais.

PRÁCTICA DE ÉXITO

Semana de la orientación en el CPR Pablo VI

El colegio Pablo VI, de A Rúa, organiza del 7 al 11 de febrero *Cada paso cuenta*, una semana para la orientación académica y profesional para alumnos de 4.º de ESO y bachillerato.

Exposición

Con el título *Eu son de Vigo!*, la Universidade de Vigo, que tiene campus en Ourense y Pontevedra, explica en 17 cubos cómo forma a los jóvenes para la vida real en todos los ámbitos del conocimiento, también el artístico y el humanístico, además del científico-tecnológico.

Maratón Profesional

Este maratón está formado por charlas de 90 minutos en las que se abordará de modo más concreto el perfil que caracteriza 15 profesiones.

Talleres

Habrán talleres como el de profesiones sanitarias o cómo elaborar un currículo.

«Job shadowing»

Pensado para alumnos de bachillerato, viven durante una mañana en primera persona cómo es un trabajo concreto.

Escuela de familias

Una sesión trimestral para explicar cómo pueden ayudar las familias a sus hijos en la elección de su futuro.

MELLOR XORNALISTA INFANTIL E XUVENIL

Queres ser xornalista por un día?

La Voz de la Escuela celebra os seus 40 anos cun premio moi especial

La Voz de la Escuela, o suplemento educativo que tes nas mans, fai este mes de abril 40 anos. Nada menos! E para celebralo queremos que sexas xornalista por un día. Temos oito prazas reservadas para ese premio, que levarán os rapaces de ESO, bacharelato e FP que gañen os primeiros e seguintes premios da modalidade xuvenil do certame Mellor Xornalista Infantil e Xuvenil, que organiza La Voz de la Escuela en colaboración con Viaqua.

E o mellor premio que che podemos dar, que vivas en primeira persoa unha xornada normal dun redactor, indo ás roldas de prensa ou ás entrevistas que teña preparadas, facendo unha reportaxe ou seguíndoo na procura dalgunha noticia. Para conseguir este posto tes que facer antes ti de xornalista, e facelo ben, porque hai moitos rapaces que se presentan ao premio.

Este certame organízase este ano en dúas categorías: unha sobre temática xeral e a categoría Viaqua, na que participarán automaticamente os traballos de asuntos ambientais. Son aqueles que falen, por exemplo, de cambio climático, dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da ONU (Axenda 2030), dos hábitos de consumo sostibles, do impacto das nosas accións sobre o medio ambiente, da investiga-



Os traballos da categoría xuvenil teñen que facerse nas maquetas de prensaescuela.es. Foto: Sandra Alonso

ción e innovación neste eido, da contaminación, da xestión dos recursos hídricos ou da biodiversidade.

Entrevistas e opinión

O premio está dividido en dúas modalidades, polo curso do participante: infantil, para os primeiros anos, ata 6.º de primaria; e xuvenil, para estudantes de ESO, bacharelato e FP. Estes son quen poden ser xornalistas durante unha xornada. O premio será para quen gañe o primeiro e o

segundo posto, tanto no subgrupo da ESO como no de bacharelato-FP, e tanto na categoría xeral como na categoría Viaqua.

Os rapaces de ESO participan facendo unha entrevista a alguén que lles pareza destacable. Pode ser un familiar ou un descoñecido, o importante é o que ten que contar. O traballo debe ter a extensión exacta que marca a maqueta —hai que baixala da páxina prensaescuela.es—, debe ter ao menos oito preguntas e un pequeno perfil, ademais dunha foto

do protagonista. Pode ser en castelán ou galego, non hai diferenza de modalidade polo idioma.

Os mozos de bacharelato e FP teñen que facer, en cambio, un artigo de opinión sobre o tema que desexen. Tamén deben descargar a súa maqueta da páxina web, e non poden facer nin máis nin menos do espazo preparado. Na valoración o xurado terá en conta o interese dos traballos, o estilo xornalístico, a corrección gramatical e a presentación na páxina.

LA ESCUELA SALVAJE

En busca de margaritas

ANTONIO SANDOVAL REY

Cuando Carlos Linneo (Carl von Linné, el naturalista sueco creador del sistema con el que la ciencia nombra en latín a todas las criaturas del mundo) buscó un nombre para la margarita, no se lo pensó dos veces: *Bellis perennis*. La verdad es que lo tuvo bastante fácil: ya muchos siglos antes, en concreto en el siglo I, el escritor y militar romano Plinio el Viejo denominó a esta flor *Bellis*, es decir, hermosa. Lo de *perennis* proviene de otras dos palabras latinas: *per* y *annuus*; como es facilísimo de suponer, *perennis* significa 'que dura todo el año'. O sea, *perenne*. Y es que la margarita puede florecer en cualquier mes. Aquí, en Galicia, lo hace sobre todo de enero a junio.

Aparte de para aprender un poco de latín (y de paso de etimología, esa ciencia lingüística que estudia el origen de las palabras),

prestar atención en esta época del año a las margaritas puede resultar de lo más entretenido.

En parterres y prados

El sol que ha estado brillando sobre casi toda Galicia durante la segunda mitad de enero ha revelado el blanco de los pétalos de estas pequeñas flores en infinidad de parterres, prados y zonas de césped. En algunas zonas hay muchas, en otras menos...

Por cierto, ¿cuántas zonas verdes hay alrededor de tu centro escolar? ¿Disponen de árboles, de arbustos...? ¿Y qué extensión aproximada tienen en total? ¿Y alrededor de tu casa? Un proyecto muy interesante para toda tu clase es investigar la distancia de donde estudiáis y de vuestros hogares, en su conjunto, a espacios verdes. ¿Los que hay os parecen suficientes? ¿Son, además, accesibles a todas las personas, incluidas, por ejemplo, las que se des-

plazan en sillas de ruedas? ¿Pensáis que serían necesarios más? ¿Cambiaríais algo en ellos? Seguro que las margaritas las dejaríais allí...

Otra pregunta que surge cuando se contempla una extensión llena de margaritas es cuántas habrá allí. Una forma sencilla de aproximar una cifra comienza por hacerte con un metro de medir. Elige a continuación tres zonas de ese campo o parterre que te parezcan representativas de los diferentes grados de densidad o abundancia de estas flores en ese lugar.

A continuación, con tu metro, crea en cada una de esas zonas un cuadrado imaginario de 1 metro por 1 metro de lado. En total, tres cuadrados. Cuenta entonces las margaritas que hay dentro de cada uno. Acto seguido, halla la media: suma los tres resultados y divide esa suma entre 3.

Para terminar, calcula también



La margarita puede florecer en cualquier mes del año.

con tu metro la superficie total de esa zona de césped: ¿cuántos metros cuadrados tiene? Solo te queda multiplicar esos metros por la media anterior. El resultado no será ni mucho menos exacto, pero sí aproximado.

Una familia enorme

Las margaritas pertenecen a la familia de flores con mayor número de especies que existe: las asteráceas (también llamadas compuestas). Se han descrito nada

con tu metro la superficie total de esa zona de césped: ¿cuántos metros cuadrados tiene? Solo te queda multiplicar esos metros por la media anterior. El resultado no será ni mucho menos exacto, pero sí aproximado.

■ **Para saber más.** En el blog *Flora de Galicia*, escrito por Suso SM, encontrarás mucha información sobre margaritas: bit.ly/3LOT69p.

sandovalrey@gmail.com es escritor y divulgador.

APRENDE CIENCIA

Los terremotos, manifestación física de un planeta en continuo cambio

Dos seísmos sorprendieron hace unos días a varias localidades gallegas

SUSANA PÉREZ CASTELO

